

2014-2015

► CURSO ANUAL

3ª edición!

Facilitación e Xestión de Grupos

Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia

Castelo de Santa Cruz (Oleiros)



► **introdución**

A Facilitación é o conxunto de habilidades, técnicas e ferramentas para crear as condicións que permitan un desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais e persoais. Nun grupo non só temos reunións e tomas de decisións senon que hai outros espazos de participación igualmente importantes; a creatividade, a cohesión grupal e o espazo emocional do grupo e de resolución de conflitos. Cada un deles require de habilidades e técnicas diferentes para ser xestionado, asegurar o bo funcionamento do grupo e que a diversidade inherente a calquera grupo sume en vez de restar.



► **este curso está dirixido a**

Educadoras/es, facilitadoras/es, mediadoras/es, emprendedoras/es sociais, xestores, activistas sociais, animadores/as socioculturais, participantes de organizacións interesadas en mellorar o seu funcionamento grupal ou en como facilitar cambios positivos e satisfactorios nas súas organizacións, grupos e comunidades dunha forma participativa, innovadora e potenciando a diversidade.

► **interésache se**

- parte do teu tempo o pasas en grupos
- traballas en equipo e/ou organizacións sociais
- queres mellorar a participación na túa organización
- queres aprender a xestionar os conflitos grupais
- queres explorar outros xeitos de relacionarte contigo mesmo/a, cos/as demais e coa túa contorna

► obxectivos do curso

A vocación deste curso é contribuír ao cambio de paradigma nas relacións humanas, formando persoas que coñezan e integren na súa práctica diaria a revolución que supón aprender a traballar en grupo.

O obxectivo principal é que o estudante tome conciencia dos elementos e dinámicas presentes en calquera grupo, organización ou equipo de traballo, e adquira as habilidades, ferramentas e coñecementos necesarios para:

- Que o grupo atope rutas claras para chegar á súa misión, visión e obxectivos.
- Mellorar a comunicación entre os membros do grupo.
- Ampliar a participación e a eficacia nas asembleas e nos procesos de toma de decisión.
- Incorporar os novos valores do liderazgo.
- Facer emerxer a sabedoría do grupo.
- Facilitar procesos emocionais no grupo.



► despois do curso poderás

- Intervir e facilitar nos distintos espazos grupais empregando técnicas e ferramentas axeitadas a cada espazo (reunións e toma de decisións, indagación, sabedoría colectiva e procesos creativos, resolución de conflitos e espazo emocional e cohesión grupal).
- Ter ferramentas e habilidades para facilitar nun grupo en diferentes contextos
- Asesorar aos grupos no seu funcionamento e estrutura interna.
- Analizar aos grupos e a súa estrutura dende unha perspectiva sistémica.
- Axudar a ampliar a participación e eficiencia nos grupos nos que interveñas
- Mellorar as túas relacións persoais e o xeito no que participas nos grupos.
- Ter un maior coñecemento de ti mesmo/a e ferramentas para continuar co teu desenvolvemento persoal a partir do traballo con grupos.

► programa

24-26 outubro

Introdución aos procesos grupais. O rol do facilitador.

Profesor: César Fernández

Exploraremos os grupos como sistemas complexos para ter unha maior comprensión do qué é un grupo. Estudiaremos cales son os elementos esenciais nos que temos que pór atención para entender que está a pasar dentro do grupo e veremos de que xeito evolucionan no tempo e por que fases pasan. Veremos como funcionan os roles dentro dos grupos e en especial o rol da facilitación, as súas habilidades e funcións.

21-23 novembro.

Gobernanza e toma de decisións

Profesor: César Fernández

Veremos diferentes técnicas e ferramentas para facer as reunións e assembleas máis inclusivas e eficaces. Dende a construción da orde do día ao desenvolvemento e avaliación da reunión. Exploraremos diferentes métodos de toma de decisións, incluíndo as decisións por consenso, as súas ventaxas e inconvenientes e cando empregar cada método. Estudiaremos ademais as claves para a organización dun grupo, como estruturar a toma de decisións (quen decide o que) e os protocolos necesarios para a organización

30 xaneiro-1 febreiro

Creatividade, traballo en equipo e desenvolvemento de proxectos

Profesores/as : César Fernández e Eva Sánchez

Un grupo avanza a través dos soños que se materializan nos seus proxectos e iniciativas. É aí onde entra en xogo o proceso creativo. Exploraremos as súas fases para entender mellor todo o camiño que hai dende que collemos unha idea ou impulso, cremos nela e a levamos a súa realización. Veremos como traballar cos bloqueos, distraccións e zigs-zags que van aparecendo ao longo do camiño en calquer proxecto ou proceso creativo.





13-15 marzo

Participación e traballo en equipo. Liderazgo e relacións de poder nos grupos. Traballar coa diversidade

Profesor: César Fernández

Tomaremos conciencia das diferentes dinámicas xeneradas dentro dos grupos por causa das diferencias de poder e da diversidade de cultura, xénero, etnia, raza, ideas...Exploraremos xeitos de facilitar esa diversidade tanto nos grupos como dentro de nós e veremos como incluír nese traballo as diferentes realidades históricas e a diversidade persoal e cultural dos diferentes estilos de liderazgo.

24-26 abril

Sabedoría e intelixencia colectiva. Ferramentas para fomentar a participación e a creatividade

Profesores/as : César Fernández e Conchi Piñeiro

Veremos cales son os elementos que teñen que estar presentes nos grupos e organizacións para favorecer a súa sabedoría e a intelixencia colectiva, co fin de que a diversidade inherente a todo grupo poda sumar en vez de restar.. Practicaremos diversas metodoloxías e ferramentas para fomentar o verdadeiro diálogo e poder aproveitar todo o potencial dun grupo.

12-14 xuño

Resolución de conflitos. Habilidades e Metahabilidades para facilitar en equipos e organizacións

Profesores/as: César Fernández e Neus Andreu

Exploraremos o conflito e as diferentes dinámicas que se xeneran ao seu redor, dende as fases dentro de un conflito, ás diferentes estratexias que desenvolvemos. Aprenderemos a distinguir os diferentes niveis do conflito (individual, relación, grupal) e practicaremos intervencións en cada un deses niveis para descubrir o potencial creativo dentro do conflito de cara a súa resolución.

► estrutura e metodoloxía

O curso estrutúrase en torno a 6 módulos de fin de semana de 20h cada un, e un proxecto ou traballo persoal. O curso é de **modalidade semipresencial** e certifícase por un total de 150h, das que 120h son presenciais, e 30h de traballo persoal tutorizado.

- **MÓDULOS:** en cada un dos módulos de 20h iremos combinando pequenas explicacións teóricas co traballo persoal, en grupos pequenos, e no grupo grande a través de diversas actividades, casos de estudio e a utilización das propias dinámicas do grupo como xeito de aprendizaxe.

- **TITORÍAS:** Os estudantes terán ao longo do curso dúas titorías dunha hora de duración, orientadas a personalizar ás aprendizaxes e que se fixarán entre a dirección do curso e os alumnos/as.

- **PROXECTO PERSOAL:** pedirase a cada estudante que formule un proxecto concreto, relacionado coa facilitación, no que lle gustaría enfocarse como parte do curso. Ir aplicando o aprendido dentro dun proxecto concreto ten moitas vantaxes: percebes de xeito inmediato se o aprendido está a resultar útil e como; descubres se as túas novas habilidades e aptitudes son transformadoras non soamente para ti senón tamén no teu traballo; descubres cómo os teus recursos internos e o teu desenvolvemento persoal se relacionan directamente co mundo externo. Terás a oportunidade de redefinir e ir actualizando o teu proxecto no primeiro módulo e ao longo de todo o ano.

- **GRUPOS DE AFINIDADE:** grupos formados no primeiro módulo, de 3-4 estudantes para apoiarse durante o curso na súa aprendizaxe e no seu proxecto persoal. Son optativos, e cada grupo decide a súa forma de funcionamento, frecuencia coa que se reúne, etc.



► equipo formativo

César Fernández Pérez (Coordinador) IIFAC-E.

Licenciado en Ciencias do Mar (UDV). Coordinador do curso anual de Facilitación e Xestión de grupos nas dúas convocatorias anteriores (2012, 2013). Deseña e desenvolve programas de participación sobre a xestión de recursos naturais e mariños (Maldivas, Galicia, Menorca, etc...) Experto en facilitación e procesos de grupo, realizou cursos de longa duración sobre a facilitación, a resolución de conflitos e múltiples seminarios. Imparte formación e obradoiros sobre estes temas e acompaña a diversos grupos, organizacións e colectivos no desenvolvemento da súa visión, a súa estrutura organizativa, xestión dos momentos difíciles e as tomas de decisións.

Concepción Piñeiro. IIFAC-E. Altekio Soc. Coop.

É doutora en Comunicación Ambiental, licenciada en CC. Ambientais (UAM,2001) e experta en consumo responsable con enfoque de xénero. Dende 2002 vense formando de xeito continuado e especializada en facilitación de procesos de grupo. Desenvolveu numerosos cursos, procesos participativos, obradoiros como formadora e facilitadora de procesos. Participa en colectivos sociais dende hai máis de 15 anos.

Neus Andreu Monsech. IIFAC-E. Filalagulla Soc. Coop.

Licenciada en dereito e formada en resolución de conflitos, facilitadora e terapeuta. Actualmente está cursando a Diplomatura en Traballo de Procesos no Reino Unido. Ten máis de 10 anos de experiencia na formación de formadoras/es en diversas áreas. Ten traxectoria e paixón pola facilitación de grupos, especialmente aqueles que pasan por situación difíciles e delicadas

Eva Sánchez Díaz. DDX Spain

Diplomada en educacion social, formada en Arteterapia e Kinesiología posgraduada en Danzaterapia e en expresion/comunicación na práctica educativa. Actualmente está cursando a Diplomatura de Traballo de Procesos en Barcelona e Amsterdam.
Ten experiencia como formadora, tallerista e facilitadora a través da arte.

► horario

Venres de 16h a 20h

Sábados e domingos de 10h a 14h e de 16h a 20h

(o domingo pola tarde só será para estudantes do curso completo)

► lugar

Castelo de Santa Cruz, s/n. Oleiros. A Coruña



► prezo

510 € curso completo (85 €/módulo)

95 € módulos independentes (só se restan prazan vacantes)

Prazos de pagamento para o curso completo

95 € - 1º prazo (antes do 5 de outubro)

250 € - 2º prazo (antes do 10 de novembro)

165 € - 3º prazo (antes do 15 de febreiro de 2015)

O prezo inclúe

-6 módulos de formación de 20h/módulo

-2 titorías individuais dunha hora ao longo do curso

-Apoio telématico dos titores/as para a realización do traballo/proxecto persoal

-Matrícula para gastos administrativos

Unha vez acadadas as 20 persoas inscritas hai posibilidade dalgunha bolsa parcial de axuda ao custe do curso . Se estás interesado/a nesta opción, envía un correo electrónico a formacion@ceida.org . Prazo de solicitude de bolsa: 28 de setembro

Se actualmente es traballador/a por conta allea recomendamos que consultes se podes beneficiarte das bonificacións á formación por parte da Seguridade Social. Isto inclúe tamén a posibilidade de solicitar na túa empresa un “Permiso Individual de Formación”, polo cal a Seguridade Social devolveríalle á túa empresa o custe total das horas que tiveras que ausentarte para asistir ás clases.

► certificación

Esta formación dá a opción a dúas acreditacións.

- Certificado do CEIDA-Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Xunta de Galicia, Universidade da Coruña e Concello de Oleiros). Requirirase a asistencia dun 80% das horas presenciais repartidas entre todos os módulos do curso e a entrega do proxecto persoal
- Certificado do IIFAC-e (Instituto Internacional de Facilitación e Cambio-España) de acreditación do nivel básico na formación de Facilitación de Grupos. Requirirase a asistencia dun 100% das horas presenciais e a entrega do proxecto persoal

► idiomas do curso

Galego e castelán

► +información e inscricións

Inicio Preinscrición: 12/08/2014

As prazas son limitadas e se ocuparán por orde de inscrición

www.ceida.org - formacion@ceida.org - telf 981 630 618



Organiza:



Colabora:

